



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento de Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Coñecíamos en recentes datas a detección por parte do IEO da aparición de fuel na zona de afundimento do Prestige.

O Instituto Español de Oceanoografía fixo unha campaña a finais de outubro co obxecto de coñecer a existencia de hidrocarburos na zona xa mencionada.

Entendemos que diante dunha posible situación de contaminación mariña é importante ter toda a información da que dispoñan os diferentes organismos científicos e ambientais co obxecto de abordar o posible foco de contaminación.

Sabendo da sensibilidade social manifestada en repetidas ocasións no que respecta á defensa do noso litoral e do medio mariño, considero preciso que dispoñamos das explicacións oportunas sobre os feitos dos que se fixo eco a opinión pública nos pasados días.

Polo exposto anteriormente, o deputado asinante formula as seguintes preguntas:


1.- Cal é a información da que dispón o Goberno de Galicia sobre a aparición de fuel na zona na que se afundi o buque "Prestige"?

2.- Que medidas se adoptaron para erradicar un posible foco de contaminación mariña?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:
José Manuel Lage Tuñas na data 17/11/2006 14:29:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia